



SERVIZO DE PROMOCIÓN  
ECONOMICA

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DA MEDIANA E PEQUENA EMPRESA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE APOIO AO COMERCIO**

Na cidade de Pontevedra, a 07 de decembro do ano dous mil dezasete,

**REUNIDOS:**

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Pontevedra.

E, doutra parte, D. José María Corujo Seguido, Presidente da Asociación de Empresarios da Mediana e Pequena Empresa (AEMPE), CIF G36011278, segundo o acordo adoptado na Asemblea Xeral Extraordinaria, celebrada en 13 de novembro de 2014.

Ámbalas partes interveñen nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para a formalización do presente convenio e a tal efecto.

**EXPOÑEN:**

1.- Que a Asociación de Empresarios da Mediana e Pequena Empresa (AEMPE), CIF G36011278, conta na actualidade cun número de asociados próximo a 470, ven organizando desde a súa constitución no ano 1.978, unha serie de actividades encamiñadas a dinamizar a vida económica e empresarial do entorno sobre o que despregue a súa labor, a cal se dirixe non só o colectivo asociado senón tamén ó resto da poboación pontevedresa, colaborando activamente tamén nos eventos de carácter comercial e empresarial que promove e organiza este Concello. A asociación empresarial AEMPE, pola promoción de actuacións encamiñadas o desenvolvemento comercial e empresarial do Concello, merece o recoñecemento e apoio da institución municipal.

2.- O artigo 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e artigo 80 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, da administración local de Galicia, establecen que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar certos servizos públicos contribuír a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, neste senso na Lei 5/214, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece no artigo 3.3 apartado b a posibilidade de continuar a actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Resulta de aplicación o artigo 28 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións na que se establece o procedemento de concesión directa de subvencións e Ordenanza Xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra na que aparece regulado dito procedemento nos seus artigos 36, 39 e 40.

En base a tanto antecede e considerando o disposto no art. 255 da Lei 5/1997, e no art. 72 da Lei 7/1985 citadas, que determinan que as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitánlle a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso as axudas económicas para a realización das súas actividades, e considerando tamén o establecido no art. 310 da Lei 5/1997 da Comunidade Galega e no art. 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, respecto que as Entidades Locais poderán concertar os pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios o interese público, ou ordenamento xurídico o aos principios de boa administración, acordan celebrar o presente convenio de conformidade coas seguintes

## CLÁUSULAS:

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto regular a colaboración do Concello de Pontevedra e a asociación empresarial AEMPE, na organización e desenvolvemento de actividades de fomento empresarial e comercial, consistentes na realización de campañas de apoio ao comercio, que se desenvolverá durante o período de vixencia do convenio.

### SEGUNDA.- VIXENCIA

O presente convenio terá unha vixencia de catro anos contados a partir do 01 de abril de 2017.

### TERCEIRA.- ACTUACIÓNS A DESENVOLVER.

A asociación empresarial AEMPE ten previsto desenvolver en cada anualidade as actividades recollidas no seguinte cadro, ascendendo o custo das mesmas a 32.000,00 euros e sendo a contribución do Concello para cada unha delas a seguinte:

ACTIVIDADES	ORZAMENTO	CONTRIBUCIÓN
Publicidade das campañas, Feiras e exposicións	800	400
Pasarela de Moda Comercio	5.800	2.900
Networking empresarial	3.000	1.500
Campaña de apoio ao comercio (Nadal)	22.400	11.200
<b>TOTAL</b>	<b>32.000</b>	<b>16.000</b>

Estas actividades inicialmente previstas poderán ser substituídas por outras, durante o período de vixencia do convenio, sempre que as mesmas teñan igual custe e respondan o obxecto do convenio.

As contías máximas a financiar por cada un dos períodos subvencionables serán:

4.800,00 € para as actividades do primeiro período, actividades desenvoltas dende o 01 de abril ata o 31 de outubro

11.200,00 € para as actividades do segundo período (dende o 31 de outubro ata o 31 de marzo).

### CUARTA.- ORZAMENTO

O Concello de Pontevedra, a fin de colaborar no financiamento dos gastos orixinados polas actividades relacionadas nas estipulacións anteriores comprométese a achegar a cantidade de 16.000 euros, en concepto de subvención, con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias seguintes:

Exercicio	Actividades	Aplicación orzamentaria	RC	Importe
2017	Publicidade das campañas, Feiras e	08.431.0-489.02	RC nº 201700064191	4.800



SERVIZO DE PROMOCION  
ECONOMICA

	exposicións			
	Pasarela de Moda Comercio			
	Networking empresarial			
2018	Campaña de apoio ao comercio (Nadal)	08.431.0-489.02	RCFUT1	11.200

Exercicio	Actividades	Aplicación orzamentaria	RC	Importe
2018	Publicidade das campañas, Feiras e exposicións	08.431.0-489.02	RCFUT1	4.800
	Pasarela de Moda Comercio			
	Networking empresarial			
2019	Campaña de apoio ao comercio (Nadal)	08.431.0-489.02	RCFUT2	11.200

Exercicio	Actividades	Aplicación orzamentaria	RC	Importe
2019	Publicidade das campañas, Feiras e exposicións	08.431.0-489.02	RCFUT2	4.800
	Pasarela de Moda Comercio			
	Networking empresarial			
2020	Campaña de apoio ao comercio (Nadal)	08.431.0-489.02	RCFUT3	11.200

Exercicio	Actividades	Aplicación orzamentaria	RC	Importe
2020	Publicidade das campañas, Feiras e exposicións	08.431.0-489.02	RCFUT3	4.800
	Pasarela de Moda Comercio			
	Networking empresarial			
2021	Campaña de apoio ao comercio (Nadal)	08.431.0-489.02	RCFUT4 2017	11.200

#### QUINTA.- FORMA DE PAGAMENTO

A citada axuda será obxecto de pagamento tras o desenvolvemento das actividades e unha vez que a asociación empresarial AEMPE presente os xustificantes acreditativos dos gastos realizados, conforme os artigos 19 e 20 da Ordenanza xeral reguladora das Subvencións do Concello de Pontevedra.

A presentación da xustificación dos gastos correspondentes as actividades financiadas polo presente convenio realizarase en dous períodos, sendo a data límite para a presentación dos gastos realizados durante o primeiro período o 01 de novembro e para os realizados durante o segundo período o 31 de marzo.

No suposto de que se se asine o presente convenio en data posterior ao 01 de novembro de 2017 a xustificación dos gastos do primeiro período realizarase dentro dos 5 días naturais seguintes a súa sinatura.

Así mesmo, o importe máximo a outorgar pola subvención proxectada, 16.000,00 €, será liberado cando se xustifique que tal cantidade ascenda, cando menos, ao 50 % dos custes das actividades que se xustifiquen, e de ser estes inferiores, a subvención verase minorada proporcionalmente na porcentaxe correspondente.

Cada xustificación realizarase mediante a presentación da seguinte documentación:

- Declaración do cumprimento das actividades obxecto do convenio.
- Conta de ingresos e gastos do período que se xustifica, incluíndo relación desagregada de todos los ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións, achegas de calquera tipo ou outro tipo de ingresos).
- Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada.
- Facturas orixinais, nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social, ou calquera outro documento de valor probatorio equivalente con validez no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.

As facturas deberán cumplir os requisitos establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012, estarán datadas no período subvencionable e conterán o selo de pagado ou xustificación documental que acredite o seu pago. Deberá achegarse pola beneficiaria a xustificación documental do pago, e, no caso de que esta non poida presentarse coa conta xustificativa, deberá de acreditarse o pagamento no prazo de 10 días dende o abono da subvención pola Tesourería Municipal, ao abeiro do establecido no artigo 18.2 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello.

Segundo a Lei 7/2012 de 29 de outubro, non poderán pagarse en efectivo as operacións de importe igual ou superior a 2.500,00 euros, polo que, o pagamento destas operacións acreditarase co correspondente xustificante da transferencia bancaria.

Xunto coa última xustificación deberá presentarse así mesmo:

- Declaración do cumprimento das actividades obxecto do convenio e a memoria anual explicativa do desenvolvemento das distintas actuacións.
- Conta de ingresos e gastos da anualidade, incluíndo relación desagregada de todos los ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións, achegas de calquera tipo ou outro tipo de ingresos).

A concesión da subvención polo Concello de Pontevedra será compatible con outras subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

Ao abeiro do artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, AEMPE deberá comunicar ao Concello de Pontevedra a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

SERVIZO DE PROMOCIÓN  
ECONOMICA

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e procederse ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A falta de presentación de xustificación unha vez transcorridos os prazos salientados, dará lugar ao requerimento de xustificación por parte do Concello, no prazo improrrogable de 15 días. A falta de presentación da xustificación en este novo prazo, conllevará a perda da subvención polo que respecta ao período non xustificado, pero manterá a vixencia ao respecto de períodos posteriores.

#### SEXTA.- PUBLICIDADE SEGUIMENTO E COLABORACIÓN.

1.- A asociación AEMPE comprométese a:

- a) Facer constar no material que utilice e anuncios publicitarios que efectúe a colaboración económica do Concello de Pontevedra, facéndose constar a obligatoriedade do uso do idioma galego na difusión do evento.
- b) Remitir anualmente ao Concello de Pontevedra un informe detallado das actuacións levadas a cabo ó abeiro deste convenio.
- c) Proverse das autorizacións necesarias para o desenvolvemento das súas actividades, e porá en coñecemento deste Concello as datas e lugares previstos para o desenvolvemento das mesmas.
- d) Informar aos servizo de Promoción Económica do Concello de Pontevedra do desenvolvemento das actividades subvencionadas, así como calquera variación de horarios e calquera outra circunstancias.

Asinado por triplicado exemplar e un so efecto, no lugar e data ó principio expresados.

O ALCALDE,

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN,

Asdo.: Miguel Anxo Fernández Lores

Asdo.: José María Corujo Seguido

